


category is...

Davide González - artista escénico



*Seleccione unha categoría na cal inscribir o seu espectáculo:
Teatro, Danza, Música, Circo, Multidisciplinar, Teatro de Rúa, Outras.*

Tenme sucedido, e non hai moito, querer candidatar cun espectáculo a un festival de artes escénicas no que as categorías “impostas” quedan un tanto curtas ou se volven demasiado concretas como para conseguir identificar a proposta que desexo presentar dentro dalgunha desas categorías. Sen embargo, neste tipo de candidaturas ou seleccións, existe un “ítem” a maiores. Como se dun “caixón desastre” se tratase. *Outras*. A categoría onde, cando o permiten, eu mesma podo inventar un xénero ou darlle un nome á proposta que presento.

Cavilando entre o facer e o ser; e na relación que pode existir entre isto e os xéneros nas artes escénicas, o feito de se nomear colleu aínda máis relevancia para min.

Porque se ben é certo que no xeito no que nomeamos o mundo que nos rodea ou aquilo que facemos, esta sociedade entenderá quen somos, quédame clara unha cousa. Non somos *outras* e non estamos ao final dunha lista.

Non deixa de parecerme curioso que, falando de propostas nas que hibridan moitos dos xéneros, nas que polo xeral se conciben desde a horizontalidade e desde a convivencia de moitas das “categorías” ou de linguaxes escénicas, de novo, a verticalidade imponse como regra xeral ocupando os postos máis altos dun *ranking* onde os primeiros semellan ser os mesmos.

“así como os tempos mudan e avanza, parece que dita normatividade, nalgúns casos, está sendo cuestionada”

Veño de estar inmersa nas teorías do mundo *queer* e con todo iso non puiden evitar pensar no que Butler denominaba como *performance de xénero* e de como nós nos presentamos ao mundo baixo a etiqueta dun xénero, normalmente binario. Así que dalgún xeito, acabei por vincular todo este pensamento coas categorías que se empregan para definir a variedade e a diversidade de espectáculos que podemos ver nas carteleiras dos espazos culturais do país e quedei pensando naquelas propostas performativas ou híbridas –mesmo poderíamos dicir que *non binarias*– e que moitas veces están nas marxes do que o “noso” sistema teatral entende como normativo. Por sorte, así como os tempos mudan e avanza, parece que dita normatividade, nalgúns casos, está sendo cuestionada e mesmo reformulada para dar cabida a este tipo de propostas diversas.

Mais aínda así, eu paro e penso:

Con que nome podería describir a aquelas propostas de artes vivas que se conciben dentro deste paradigma e deste xeito de compoñer escenicamente no que a hibridación de xéneros convive nunha horizontalidade estrutural?

Onde me sitúo eu como creadora dentro do(s) xénero(s) imposto(s)?

Saíndo deles?

Dos xéneros impostos?

Mais, como nomearse...

Novas autorías? Dramaturxias actuais? Dramaturxias híbridas? Novas escrituras escénicas? Multidisciplinar? Artes vivas cotemporáneas? Teatro contemporáneo? Danza+ teatro musical? Novo circo + teatro xestual? Performance + danza + teatro dramático? Teatro + música + danza + novas tecnoloxías? Transdisciplinar? Novas linguaxes? Novas vellas linguaxes contemporáneas?

E a todo isto, cando acontece que o novo pasa a ser non tan novo?

A miña formación foi e segue a ser diversa. A música, a palabra, o corpo, a imaxe, o movemento, o son e o teatro están moi presentes nos traballos nos que participo. Sobre todo naqueles que asino como creadora ou co-creadora dentro da Cía. Incendiaria. E é aquí, xunto con Vanesa Sotelo, onde xuntas nos permitimos investigar estes lindes da creación escénica contemporánea. Un exemplo desta maneira de facer, onde os elementos compositivos están todos eles presentes na creación e a maneira de nos relacionar, tanto na escena como fóra dela, é horizontal, é a nosa última peza *Microspectivas dun Marica Millennial*. Un espectáculo que, grazas ao apoio das Residencias Paraíso e a coprodución co CDG, puidemos concebir desde esa “aventura”. Sen pre-definir que ía ser. Sen nomear e sen prexulgar de xeito algún aquel material escénico que comezaba a aparecer. Sen lle poñer nome. Deixando que o propio proceso nos guiase, tanto no tempo como no espazo. Escoitando o que a propia creación nos demandaba.

Contar coa equipa axeitada nestes procesos é fundamental para que as lóxicas, aínda que diversas, se conecten. Durante este longo proceso das MMM, apareceron as inquedanzas e as lóxicas de Laura Iturralde e máis as de Carlos Alonso. Puxémolas en común e danzamos con todas elas. Xuntas. Danzaron a luz co son, o espazo coa palabra escrita, o movemento coa luz e co espazo, a voz falada danzou coa voz cantada e o corpo enteiro danzou nunha amalgama de elementos escénicos que se auto-recoñecían e se ían ubicando ao redor da idea orixinal nun proceso dilatado e gostoso.

“a diversidade e a transdisciplinidade aparecen na escena e se reivindicán como lugar de unión; a beleza aparece por igual”

Por iso, á hora de definir o que fago, o que podo dicir con certeza é que sinto que me atopo nun lugar no que me recoñezo, no que me sinto cómoda e me gusta que non deixe de ser un tanto indeterminado. Raro. *Queer*. Ao fin e ao cabo, iso é o que son. Polo tanto, poderíamos dicir que, iso é o que fago.

Aínda así, non deixa de ser un tanto complexo. Porque ao mesmo tempo que ten un significado romper coas etiquetas e coa dualidade que parece existir entre as que se consideran como as grandes casas das artes escénicas, tamén é importante, considero, autonomarse fóra da normatividade.

E digo normatividade e automaticamente penso na vida. E digo vida e penso no teatro. E digo teatro e penso en sistema teatral. E digo sistema teatral e penso en artes escénicas. Penso en artes escénicas e en artes vivas e no sistema teatral.

E na crítica. E no patriarcado. E nas relacións de poder.

O feito de nomear-se convértese en acción política.

Porque o é.

Porque o *persoal* é político.

Por iso creo que, se ben a maneira na que observamos o mundo desde a diversidade e a transdisciplinidade é fundamental na creación escénica –contemporánea ou coetánea–, os xéneros nas artes escénicas precisan, como pouco, de se re-construír. Como na vida mesma. Como nas artes vivas. Para dar cabida a todas aquelas propostas das creadoras que non nos identificamos con aquilo de *outras*.

Seguindo coa referencia *queer*, como se das *house of ballroom* se tratasen, eu quero –e ademais adoro– seguir traballando e mirando o mundo desde ese punto de vista transdisciplinar e seguir fundíndome entre as grandes *casas* do teatro e da danza. A medio camiño. Ou quizais nun camiño que se identifica como propio e que, desde hai tempo, foi e segue a ser transitado por outras moitas creadoras.

Para min, no aquí e no agora –que é o momento no que tento habitar o mundo e a escena–, o importante, e o que se volve interesante, é ver como todo se mestura. Como a diversidade e a transdisciplinidade aparecen na escena e se reivindicán como lugar de unión. E a beleza aparece por igual, porque todo ten unha lóxica e porque as linguaxes conviven. A linguaxe corporal –incluíndo a voz e polo tanto a palabra como elementos inherentes ao corpo–, a linguaxe musical e a linguaxe escrita conxúganse xunto coa linguaxe onírica para estruturar ideas e conceptos. Para facelos accesibles para os sentidos e poñelos a danzar, ao mesmo tempo e na mesma frecuencia, xunto con todos os elementos da linguaxe escénica.

Como así o fixo Pina Bausch, erguéndose como referente e como *gran Mother of the house of TanzTheater*. E como moitas outras creadoras e compañías que seguiron a súa maneira –*non binaria*– de crear os seus espectáculos. Onde todo está a cabalo entre a danza, o teatro, a música, a performance...

E dunha *Mother* voume a outra *Moeder*, e viaxo ata a referencia do espectáculo da Cía. Peeping Tom dirixido por Gabriela Carrizo. Un espectáculo híbrido na súa concepción onde “personaxes” –que se atopaban dentro dun espazo dramático moi ben escollido: unha sala dun museo

“compoñer capa tras capa; descubriendo que todo convive”

de arte contemporánea– empregaban o corpo, a palabra, a música, o movemento e a danza, como canle para comunicar-se.

Unha das referencias máis recentes que viaxan pola miña cabeza como creadora nestes momentos son entre outras, pezas como *Relic ou Titans*, do coreógrafo e performer grego Eurípides Laskaridis, ao que coñecín grazas á miña amiga e compañeira incendiaria Vanesa Sotelo. O traballo de Laskaridis sitúase nun punto moi interesante para min como creadora xa que a liña que “separa” a danza do teatro nas súas propostas está moi difusa. Estas pezas híbridas cheas de beleza, de xogo e de poesía escénica fan que o meu interese aumente por seguir observando ese espello desde o que querer mirarme reflexada.

Tamén o traballo da directora Marlene Monteiro Freitas, do que puideren gozar como espectadora na pasada edición do Guidance 2020 coas súas *Bacantes - Preludio para unha purga*. Un traballo intenso que aínda hoxe me vibra no corpo pola extrañeza que me causou, así como polo interese que me xerou a maneira na que ela decidiu usar a música, a palabra, a luz e o corpo na escena, facendo que todo se diluíse nesa inmensa bacanal onde non só retumbaron as paredes daquel espazo, senón tamén as miñas vísceras.

Outra referencia é o traballo compositivo e o punto de vista para coa escena que ten Ana Vallés. Recordo en especial dúas pezas da compañía Matarile como *Staying Alive*, ou *Los Limones, la nieve y todo lo demás* –en coautoría con Mónica García–, que me beliscaron no sentido á hora de re-entender a escena como un lugar de xogo no que pode acontecer de todo. Desde as pezas coreográficas máis complexas, momentos de beleza absoluta onde o que vemos é a acción máis pura de “estar” en escena, ata a aparición de “personaxes” con perruca que transitan o escenario e que conviven cos demais elementos compositivos facendo aínda máis atractivo e rico ese universo que convida a disfrutar da necesaria experiencia estética.

Convivindo.

Compoñendo capa tras capa.

Como me dixou unha vez Daniel Abreu.

Compoñer capa por capa.

Descubriendo que todo convive.

Como cando compoño música co meu ordenador.

Unha capa máis outra capa.

E logo, todo convive.

Todo camiña cara un lugar común.

Ou pode que cara un lugar extraño.

Ou un non lugar.

“adentrarnos na creación coa certeza de non saber, mais deixando que as cousas vaian aparecendo”

Ás veces mesmo indeterminado.

Raro.

Queer.

Pero a fin de contas, un lugar.

Así é como agora mesmo entendo o feito escénico. Como unha amalgama de elementos que se atopan vibrando no mesmo punto, como iguais, onde non hai verticalidades á hora de compoñer e todo se volve horizontal e común. Así, dende o feito de compartir a palabra, o son, a música, a luz, o espazo, o vestiario, a danza, o “teatro”, a memoria, as referencias escénicas de cada unha e mesmo a vida e sentir de cada persoa que conforma a equipa artística de cada proceso, poden ser empregados como ferramentas para construír “algo”. Permitíndonos adentrarnos na creación coa certeza de non saber, mais deixando que as cousas vaian aparecendo, transitando por todos os camiños que atravesan ao teatro, á danza, á música, á luz, ao espazo; en definitiva, á escena.

E iso é o que, sobre todo, pretendo. Disfrutar do proceso sen pensar en categorías, tendo en mente o traballo de todas e cada unha das creadoras que camiñaron e que siguen avanzando polos carreiros da diversidade. Estar na búsqueda e na investigación continúa do feito escénico deixando que o que se vaia creando se chegue a nomear por si mesmo. Para que cada proposta teña unha entidade propia sen depender de etiqueta algunha. Aínda que ás veces sexan necesarias.

Porque o que non se nomea, non existe.

Texto 13. Cara a unha escena plural. Davide González.

Publicado en setembro de 2020 na órbita do proxecto “Cara a unha escena plural”, unha iniciativa que impulsa a circulación da danza e artes vivas de carácter profesional en Galicia. O proxecto, impulsado por Caterina Varela e Sabela Mendoza, nace no marco da Galicia Escena PRO 2019 e continúa en 2020 co apoio de Agadic e distintos espazos colaboradores.